



BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DOS PREMIOS CORRESPONDENTES AO DESFILE DE DISFRACES DO ENTROIDO CONCELLO DE BURELA 2026

CAPÍTULO 1.- LOCALIZACIÓN DO CONCURSO.

Primeira. ORGANIZACIÓN.

A organización do concurso de disfraces corre a cargo do Concello de BURELA, co seguinte enderezo: Rúa Eijo Garay, 20, 27880 de BURELA.

Segunda. UBICACIÓN.

2.1.- Espacial.

No concello de Burela (Casa de Xuventude) terá lugar a inscrición necesaria para poder concursar, de forma presencial, telefónica ou por correo electrónico ata o vindeiro 13/02/2026. O mesmo día do desfile poderán apuntarse no local de Leticia dende as 15:30 horas ata media hora antes do comezo do desfile.

TELÉFONO: 982581141-647136673

EMAIL: casaxuventude@burela.org

O concurso de disfraces terá lugar no seguinte percorrido polas rúas de BURELA:

- Domingo 15 de Febreiro de 2026 ás 17:00 horas da Rúa do Ril ata a Praza da Mariña.

O desfile terá o seguinte percorrido: Rúa do Ril, Arcadio Pardiñas, Eijo Garay, Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Praza da Mariña

ZONA DE APARCAMENTO DE CARROZAS: Poderán aparcarse as carrozas na Praza do Concello.

2.2.-Temporal.

O concurso e desfile de disfraces celebrarase o Domingo 15 de Febreiro de 2026 a partires das 17:00 horas. A inscrición poderá efectuarse todos os días da semana de 9:30 a 14:00 h. O prazo remata o vindeiro día 13 de Febreiro de 2026 as 13:00 horas. A inscrición poderá realizarse presencialmente, vía telefónica ou por mail: casaxuventude@burela.org. O mesmo día do desfile poderán apuntarse no local de Leticia dende as 15:30 horas ata media hora antes do comezo do desfile. A organización resérvase a posibilidade de facer pequenas reestruturacións no horario previsto.

CAPÍTULO 2.- DOS PARTICIPANTES.

Terceira. Participantes e modalidades de inscrición.

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, pertencentes ou non ó concello que o convoca; de dentro ou fóra dos límites municipais da localidade onde se organiza.

Á inscrición poderá formalizarse nalgunha das categorías seguintes:





Individual Infantil: nesta categoría participarán nenos e nenas ata 12 anos.

Parella Infantil: nesta categoría entran as parellas de nenos ou nenas ata 12 anos.

Grupo Infantil: nesta categoría encádranse os grupos de 3 ou máis persoas, nos que o 51% ou máis destas teñan ata 12 anos.

Adulto Individual: nesta categoría participarán persoas de máis de 12 anos.

Adulto Parella: nesta categoría entran as parellas de persoas que teñan máis de 12 anos ou que estén formadas por una persoa maior de 12 anos e outra menor de dita idade.

Adulto Grupo: nesta categoría entran os grupos de 3 ou máis persoas, nos que o 51% ou máis dos seus integrantes teñan máis de 12 anos.

Carrozas: Plataforma con rodas tirada por un vehículo.

Comparsa: Estará formada como mínimo por 10 compoñentes disfrazados dun mesmo tema e deberán realizar algún tipo de representación (baile e música). A música farase con turutas ou con instrumentos reais nunha proporción inferior ao 51%.

Charanga: Estará formada como mínimo por 10 compoñentes disfrazados dunha mesma temática que farán algún tipo de representación (baile e música). A música terá que realizarse con instrumentos de percusión e/ou metal (mínimo o 51% dos instrumentos serán reais).

Os vehículos a motor deben ter os permisos de circulación, inspección técnica e seguros correspondentes. Ademais, os condutores deberán contar co permiso de circulación axeitado e en vigor.

A inscrición no modelo oficial facilitado polo Concello de BURELA e que se anexa ás presentes bases, constitúe un requisito imprescindible que deben cumprir os participantes que queiran optar a un premio.

Cuarta. Entrega de dorsais.

A entrega de dorsais a todos os participantes no desfile terá lugar no Local Social de Leducia (sito na Rúa do Ril) o domingo 15 de febreiro de 2026 dende as 15:30 ata as 16:45 h.

Quinta. Do representante legal.

É aquela persoa designada polos membros do Grupo ou agrupación para que os represente e actúe como único voceiro ante a Organización, debendo figurar a súa identidade e designación no Anexo II. As súas funcións e competencias son as seguintes:

- Cumprimentar a folla de inscrición, ademais do resto da documentación e facela chegar en prazo.
- Deberá indicar claramente o seu nome e apelidos, D.N.I., enderezo, localidade, teléfono e dirección de correo electrónico. Os compoñentes da agrupación deberán asinar no boletín de inscrición a autorización ó representante legal para que poida percibir en nome de todos e cada un dos compoñentes o correspondente premio se o obtiveran.
- Presentará as posibles reclamacións ante a Organización e unha vez comezado o concurso ante o Secretario do Xurado, sempre por escrito e debidamente identificado. O





escrito deberá estar rubricado polo menos pola metade máis un dos compoñentes da Agrupación.

Quinta (II). Da Protección de datos persoais.

d) Segundo o establecido na vixente normativa de protección de datos persoais, infórmase aos participantes que os datos de carácter persoal que consten na solicitude serán tratados, na súa condición de responsable do tratamento, polo Concello de Burela coa finalidade de xestionar as inscricións no concurso de entroido organizado polo Concello e a entrega de premios así como a difusión da actividade levada acabo. A lexitimación para o tratamento é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento fundamentada na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

e) Os datos relativos ás persoas gañadoras dos premios serán publicadas na web do Concello e nas redes sociais. Os datos dos premiados nas categorías que inclúan prestación económica serán comunicados ás entidades bancarias co obxecto de realizar o seu abono, así como á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria e aos organismos de control.

f) Así mesmo, coa finalidade de divulgar o concurso, no caso de que o interesado ou o seu representante legal autorice o tratamento, procederase á difusión de imaxes (fotografías/vídeos) dos participantes e gañadores a través de perfís de redes sociais, así como da web municipal do Concello.

g) Os datos serán conservados durante a tramitación do concurso e das reclamacións que se poidan formular. Os datos das persoas premiadas nas modalidades que inclúan prestación económica conservaranse conforme ao disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

h) As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos e retirar o consentimento outorgado para a captación e difusión de imaxes, así como exercitar outros dereitos que lle asistan, a través da sede electrónica do Concello de Burela <https://burela.sedelectronica.es/info.0> ou a través de escrito presentado ante o Rexistro Municipal na rúa Eijo Garay, nº20, CP 27880, en Burela (Lugo). A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercitar estes dereitos por si mesmos.

i) Datos de contacto do DPD: dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org

CAPÍTULO 3º.- DO XURADO.

Sexta.- Composición e funcións do xurado

1º. A composición do xurado é a seguinte:

-Presidenta: Patricia Eijo Palmeiro, Concelleira Delegada de Festas e Festexos do Concello de Burela.

-Secretaria: Begoña Romo Conde, Monitora de Educación Ambiental e Tempo de Lecer do Concello de Burela.

Vocais:





-Dº Martín Soto Lestao, como representante de Burela Floral.

-Dª Nuria González Barcia, como representante da Asociación de Apoio ás Persoas afectadas de Cancro “Esperanza”.

-Dª Palmira Leal Fernández, como representante da Asociación de Apoio ás Persoas afectadas de Cancro “Esperanza”.

-Dª Macarena Pérez Reigosa, como representante da Asociación de Palilleiras “As Encaixeiras”.

-Dª Tamara Fernández Malnero, como representante da Asociación de Palilleiras “As Encaixeiras”.

-Dª Arantxa Trobo Funes, como representante da Asociación Cultural e Musical Dambara.

-Dª María Teresa Lanza Méndez, como representante da Asociación de Amas de Casa de Burela “Praia da Marosa”.

A secretaria actuará con voz pero sen voto e encargarse de levantar a acta de premios.

2º. A función do xurado será a de puntuar a cada un dos participantes no concurso para a posterior entrega dos premios.

3º. As persoas que conforman o xurado actuarán libremente, por decisión propia sen intermediación de terceiros.

4º. O Xurado poderá propor a celebración dun pase adicional na Praza da Mariña para todos os participantes nas distintas categorías.

Sétima.- Normas de puntuación.

1º. Para a puntuación dos concursantes valoraranse tres aspectos relevantes: orixinalidade da idea, elaboración do disfraz e posta en escea.

- *Orixinalidade da idea.* Valorarase que se trate dunha idea non repetida e se se relaciona con algún acontecemento da actualidade que se trate dun xeito orixinal. Se é unha idea repetida porase atención na maneira de tratala, se se fai dun xeito diferente e orixinal ou polo contrario estamos ante unha repetición.

- *Elaboración do disfraz.* Ter en conta o material con que foi elaborado e se implica moito esforzo na súa elaboración. Sempre se puntuará negativamente aqueles disfraces dos que se sospeite que non foron elaborados polos concursantes, é dicir, que foron mercados tal cal se presentan.

- *Posta en escena.* Puntuarase positivamente que os concursantes se impliquen no papel que intentan representar co seu disfraz.

2º. A través dunha táboa de puntuacións entregada con anterioridade ao concurso a cada membro do xurado, levarán a cabo a valoración de cada un dos concursantes. Para isto





puntuarán de 0 a 10 cada aspecto a ter en conta, sendo 0 a puntuación máis baixa e polo tanto a máis negativa e 10 a puntuación máis alta e polo tanto máis positiva.

3º. En cada categoría descartaranse as puntuacións máis alta e máis baixa de entre todas as recollidas entre os membros do xurado, e sumaranse o resto de puntuacións.

4º. En caso de empate entre dous ou máis concursantes, coa mesma puntuación, abriríase un debate entre os membros do xurado para chegar a unha posible resolución. De non ser posible e sempre como última medida, levarase a cabo un sorteo entre os concursantes empatados.

5º. O xurado gárdase a posibilidade de que quede algún premio vacante, no caso de que non vexa a ningún dos concursantes merecedor de dito premio.

CAPÍTULO 4.- PREMIOS.

Oitava.-Importes e categorías dos premios.

O valor dos premios outorgados a cada categoría será o seguinte:

Individual Infantil:

1º premio: Vale de 50 euros, para gastar no comercio local, doado por ACIA Burela.

2º premio: Vale de 30 euros, para gastar no comercio local, doado por ACIA Burela.

Parella Infantil:

1º premio: 110 euros.

2º premio: Vale de 60 euros, para gastar no comercio local, doado por ACIA Burela.

Grupo Infantil:

1º premio: 180 euros.

2º premio: Vale de 100 euros, para gastar no comercio local, doado por ACIA Burela.

Individual Adulto:

1º premio: 190 euros.

2º premio: Vale de 110 euros, para gastar no comercio local, doado por ACIA Burela.

Parella Adulto:





1º premio: 240 euros.

2º premio: Vale de 150 euros, para gastar no comercio local, doado por ACIA Burela.

Grupo Adulto:

1º premio: 340 euros.

2º premio: 190 euros.

CARROZAS:

1º premio: 500 euros.

2º premio: 300 euros.

3º premio: 150 euros.

CHARANGAS E COMPARSAS:

1º premio: 600 euros.

2º premio: 400 euros.

3º premio: 300 euros.

De conformidade co artigo 75.3 do Real Decreto 439/2007 de 30 de Marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións, aprobado por Real decreto 304/2004, de 20 de febreiro, non existe obriga de practicar retención ou ingreso a conta sobre os mencionados premios, agás os que superen a contía de 300,00 euros.

Se un mesmo grupo, colectivo ou asociación inscribe máis de unha comparsa ou charanga computaráselles a efectos de achega económica pola suma total do número de integrantes das comparsas ou charangas sacadas.

Novena.- Da entrega dos premios.

A entrega de premios realizarase unha vez rematado o desfile e a deliberación do xurado. Os vales doados por ACIA Burela serán entregados no mesmo momento, mentres que os premios outorgados e abonados polo Concello serán ingresados en conta bancaria de titularidade dos premiados. Neste último caso, os premiados deberán achegar á Casa da Xuventude ou no seguinte correo gaia@burela.org unha certificación bancaria e unha xerocopia do DNI antes do 27 de febreiro de 2026.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Calquera persoa que queira participar no concurso ten dereito a poder acceder a estas bases e facer calquera consulta que considere oportuna.

As presentes bases serán publicadas na páxina web do concello de BURELA.





A participación no concurso implica directamente a aceptación destas normas. O non cumprimento delas desencadearía na exclusión e non participación no concurso do individuo ou individuos que non cumpriran estas.





FICHA DE INSCRIPCIÓN INDIVIDUAL ENTROIDO 2026 BURELA 15/02/2026

NOME E APELIDOS DO/A PARTICIPANTE:

IDADE: _____ DATA NACEMENTO: _____ D.N.I.: _____

ENDEREZO: _____

C.P.: _____ LOCALIDADE: _____

Nº DE TELÉFONO: _____

NOME OU TEMA DO DISFRAZ: _____

CUBRIR POLO PAI OU NAI NO CASO DE QUE O/A PARTICIPANTE SEXA MENOR DE IDADE:

Eu, _____

con D.N.I. nº _____ e enderezo a efectos de notificación en

_____ localidade _____

_____, Concello _____, C.P.

_____ e teléfono de contacto _____

☐ Autorizo a/o miña/meu Filla/o _____ a participar no desfile de entroido organizado polo Concello de Burela e asumir as consecuencias económicas e legais que poida ter no caso de resultar premiada/o polo xurado e actúo como representante no caso de resultar premiada/premiado.

☐ Autorizo a toma e publicación de imaxes e/ou videos da mina persoa durante a miña participación no concurso de entroido e a súa publicación posterior nas redes sociais do Concello (maiores de 14 anos)

☐ Autorizo a toma e publicación de imaxes e/ou videos do meu fillo/ da miña filla durante a miña participación no concurso de entroido e a súa publicación posterior nas redes sociais do Concello

☐ Coñezo e acepto formalmente as bases e a normativa aplicable, asumindo a responsabilidade sobre a información proporcionada.





INFORMACIÓN RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Burela
Finalidade	Xestionar as inscricións no concurso de entroido organizado polo Concello e a entrega de premios. No caso de outorgar consentimento, difusión da imaxe a efectos de promoción do evento.
Base lexitimadora	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento fundamentada na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. Consentimento outorgado polo interesado, para a captación e difusión de imaxes
Destinatarios	Os datos relativos ás persoas gañadoras dos premios, incluída a imaxe se se autorizou, serán publicadas na web do Concello e nas redes sociais. Os datos dos premiados nas categorías que inclúan prestación económica serán comunicados ás entidades bancarias co obxecto de realizar o seu abono, así como á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria e aos organismos de control.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos e retirar o consentimento outorgado para a captación e difusión de imaxes, así como exercitar outros dereitos que lle asistan, a través da sede electrónica do Concello de Burela https://burela.sedelectronica.es/info.0 ou a través de escrito presentado ante o Rexistro Municipal na rúa Eijo Garay, nº20, CP 27880, en Burela (Lugo). A retirada do consentimento non afectará a litude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercitar estes dereitos por si mesmos.
Contacto co DPD e Información adicional	dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org

Declaro responsablemente que non me atopo incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións públicas, de conformidade co artigo 13 da Lei 38/20013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, atopándome ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e comprometéndome a manter a mesma situación até a resolución dos premios.

Burela a ____ de _____ de 2026

Asdo.: _____





FICHA DE INSCRIPCIÓN COLECTIVA ADULTO
ENTROIDO 2026 DE BURELA 15/02/2026

A CUBRIR POLO REPRESENTANTE ENCARGADO DE RECIBIR O PREMIO NO CASO DE RESULTAR PREMIADOS

CATEGORÍA:

PARELLAS GRUPOS CARROZAS CHARANGA/ COMPARSA

NOME E TEMÁTICA: _____

Nº DE PARTICIPANTES: _____

D/Dª _____

D.N.I.: _____ **Nº DE TELÉFONO:** _____

LOCALIDADE: _____ **C.P.:** _____

☐ Autorizo a toma e publicación de imaxes e/ou videos da mina persoa durante a miña participación no concurso de entroido e a súa publicación posterior nas redes sociais do Concello.

☐ Coñezo e acepto formalmente as bases e a normativa aplicable, asumindo a responsabilidade sobre a información proporcionada.

INFORMACIÓN RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Burela
Finalidade	Xestionar as inscricións no concurso de entroido organizado polo Concello e a entrega de premios. No caso de outorgar consentimento, difusión da imaxe a efectos de promoción do evento.
Base lexitimadora	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento fundamentada na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. Consentimento outorgado polo interesado, para a captación e difusión de imaxes





Destinatarios	Os datos relativos ás persoas gañadoras dos premios, incluída a imaxe se se autorizou, serán publicadas na web do Concello e nas redes sociais. Os datos dos premiados nas categorías que inclúan prestación económica serán comunicados ás entidades bancarias co obxecto de realizar o seu abono, así como á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria e aos organismos de control.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos e retirar o consentimento outorgado para a captación e difusión de imaxes, así como exercitar outros dereitos que lle asistan, a través da sede electrónica do Concello de Burela https://burela.sedelectronica.es/info.0 ou a través de escrito presentado ante o Rexistro Municipal na rúa Eijo Garay, nº20, CP 27880, en Burela (Lugo). A retirada do consentimento non afectará a litude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercitar estes dereitos por si mesmos.
Contacto co DPD e Información adicional	dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org

Declaro responsablemente que non me atopo incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións públicas, de conformidade co artigo 13 da Lei 38/20013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, atopándome ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e comprometéndome a manter a mesma situación até a resolución dos premios.

Burela a ____ de _____ de 2026

Asdo.: _____





AUTORIZACIÓN REPRESENTACIÓN

Eu, _____
con D.N.I. n° _____ e enderezo a efectos de notificación
en _____
localidade _____, C.P.: _____
e teléfono de contacto n° _____

Eu, _____
con D.N.I. n° _____ e enderezo a efectos de notificación
en _____
localidade _____, C.P.: _____
e teléfono de contacto n° _____

AUTORIZO a/o _____
con D.N.I. _____ a representarme como membro da/o grupo/parella/
carroza/comparsa/charanga _____

INFORMACIÓN RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Burela
Finalidade	Xestionar as inscricións no concurso de entroido organizado polo Concello e a entrega de premios. No caso de outorgar consentimento, difusión da imaxe a efectos de promoción do evento.
Base lexitimadora	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento fundamentada na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. Consentimento outorgado polo interesado, para a captación e difusión de imaxes





Destinatarios	Os datos relativos ás persoas gañadoras dos premios, incluída a imaxe se se autorizou, serán publicadas na web do Concello e nas redes sociais. Os datos dos premiados nas categorías que inclúan prestación económica serán comunicados ás entidades bancarias co obxecto de realizar o seu abono, así como á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria e aos organismos de control.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos e retirar o consentimento outorgado para a captación e difusión de imaxes, así como exercitar outros dereitos que lle asistan, a través da sede electrónica do Concello de Burela https://burela.sedelectronica.es/info.0 ou a través de escrito presentado ante o Rexistro Municipal na rúa Eijo Garay, nº20, CP 27880, en Burela (Lugo). A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercitar estes dereitos por si mesmos.
Contacto co DPD e Información adicional	dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org

Burela a ____ de _____ de 2026

Asdo.: _____





FICHA DE INSCRIPCIÓN COLECTIVA INFANTIL
ENTROIDO 2026 DE BURELA 15/02/2026

A CUBRIR POLO REPRESENTANTE, MAIOR DE IDADE, ENCARGADO DE RECIBIR O PREMIO NO CASO DE RESULTAR PREMIADOS

CATEGORÍA:

PARELLAS GRUPOS CARROZAS CHARANGA / COMPARSA

NOME E TEMÁTICA: _____

Nº DE PARTICIPANTES: _____

D/Dª _____

D.N.I.: _____ **Nº DE TELÉFONO:** _____

LOCALIDADE: _____ **C.P.:** _____

☐ Manifesto que os pais/nais ou titores dos menores participantes autorizan a toma e publicación de imaxes e/ou vídeos do menor ao que represento durante a súa participación no concurso de entroido e a súa publicación posterior nas redes sociais do Concello.

☐ Coñezo e acepto formalmente as bases e a normativa aplicable, asumindo a responsabilidade sobre a información proporcionada.

INFORMACIÓN RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Burela
Finalidade	Xestionar as inscricións no concurso de entroido organizado polo Concello e a entrega de premios. No caso de outorgar consentimento, difusión da imaxe a efectos de promoción do evento.
Base lexitimadora	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento fundamentada na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. Consentimento outorgado polo interesado, para a captación e difusión de imaxes





Destinatarios	Os datos relativos ás persoas gañadoras dos premios, incluída a imaxe se se autorizou, serán publicadas na web do Concello e nas redes sociais. Os datos dos premiados nas categorías que inclúan prestación económica serán comunicados ás entidades bancarias co obxecto de realizar o seu abono, así como á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria e aos organismos de control.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos e retirar o consentimento outorgado para a captación e difusión de imaxes, así como exercitar outros dereitos que lle asistan, a través da sede electrónica do Concello de Burela https://burela.sedelectronica.es/info.0 ou a través de escrito presentado ante o Rexistro Municipal na rúa Eijo Garay, nº20, CP 27880, en Burela (Lugo). A retirada do consentimento non afectará a litude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercitar estes dereitos por si mesmos.
Contacto co DPD e Información adicional	dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org

Declaro responsablemente que non me atopo incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións públicas, de conformidade co artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, atopándome ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e comprometéndome a manter a mesma situación até a resolución dos premios.

Burela a ____ de _____ de 2026

Asdo.: _____





AUTORIZACIÓN REPRESENTACIÓN

Eu, _____
con D.N.I. n° _____ e enderezo a efectos de notificación
en _____
localidade _____, C.P.: _____
e teléfono de contacto n° _____

Eu, _____
con D.N.I. n° _____ e enderezo a efectos de notificación
en _____
localidade _____, C.P.: _____
e teléfono de contacto n° _____

AUTORIZO a/o _____
con D.N.I. _____ a representarme como membro da/o grupo/parella/
carroza/comparsa/charanga _____

INFORMACIÓN RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Burela
Finalidade	Xestionar as inscricións no concurso de entroido organizado polo Concello e a entrega de premios. No caso de outorgar consentimento, difusión da imaxe a efectos de promoción do evento.
Base lexitimadora	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento fundamentada na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. Consentimento outorgado polo interesado, para a captación e difusión de imaxes
Destinatarios	Os datos relativos ás persoas gañadoras dos premios, incluída a imaxe se se autorizou, serán publicadas na web do Concello e nas redes sociais. Os datos dos premiados nas categorías que inclúan prestación económica serán comunicados ás entidades bancarias co obxecto de realizar o seu abono, así como á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria e aos organismos de control.





Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos e retirar o consentimento outorgado para a captación e difusión de imaxes, así como exercer outros dereitos que lle asistan, a través da sede electrónica do Concello de Burela https://burela.sedelectronica.es/info.0 ou a través de escrito presentado ante o Rexistro Municipal na rúa Eijo Garay, nº20, CP 27880, en Burela (Lugo). A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercer estes dereitos por si mesmos.
Contacto co DPD e Información adicional	dpcoperacionconcellos@deputacionlugo.org

Burela a ____ de _____ de 2026

Asdo.: _____

O CONCELLEIRA DELEGADA DE FESTAS E FESTEXOS

Asdo: Patricia Eijo Palmeiro

